

O FARELO

nº 27

ABRIL '09
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

E despois das eleccións...
mudamos de **gobierno...**
mudamos de **oposición...**





pavel_constantin

o cambio climático (segundo Martirena)



martirena





pavel_constantin


david_vela



e ti que?

se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...
O FARELO ofréceche un espazo para darte a coñecer

envíanos os teus traballos a farelo@apeneira.com



Brigitte Bardot



Ludwig von Beethoven

A simboloxía na obra de Paco Martínez

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

Da miña estancia en Santa Cruz de Tenerife, Illas Canarias, hai anos, non podo esquecer o meu primeiro encontro coa obra de vangarda de Paco Martínez, quen co seu enxeño e uso da abstracción, marcou un legado indeleble no mundo do que se deu en chamar a caricatura arbitraria ou poética, onde predomina a metáfora.

Era realmente un xenio, marcado polo uso da xeometría nas figuras humanas e por incorporar á caricatura, conquistas da pintura moderna.

É xusto renderlle homenaxe a este grande do debuxo e o collage, cuxa enorme capacidade de observación levouno a descubrir toda unha simboloxía.

Nacido o 28 de maio de 1907 e falecido o 26 de agosto 1990, Paco Martínez foi unha figura importantísima no desenvolvemento cultural de Tenerife, ao participar nas reunións do café O Águila, xunto a outros artistas como Harry Beuster, Policarpo Néboa, Juan Galarza, José Morais Clavijo e Manuel Casanova, entre outros, quen promovían unha arte de vangarda.

Sufriu reclusión e privacións durante a ditadura franquista, ata que o caricaturista filipino Luís Lasa convidao a expor en Madrid, onde forma parte do grupo dos oito, que integraba o colectivo dos mellores caricaturistas de vangarda.

É en 1968 en o VI Salón Internacional da Caricatura de Montreal, Canadá, cando ao gañar o primeiro premio coa súa orixinal obra dedicada á actriz francesa Brigitte Bardot, símbolo sexual daquela época, que o nome de Paco Martínez, adquire relevancia mundial.

Doutra das súas caricaturas máis famosas, a de Beethoven, expresou: *"Coustume oito meses de traballo. Máis de corenta apuntamentos antes de chegar ao final. O segredo estaba no escorzo. Había que torcer a cabeza -dous tubos- e distribuir os elementos"*.

E que dicir ao contemplar o seu debuxo sobre Albert Einstein, que se converte nun cadro apocalíptico, onde o desastre nuclear é a cabeza onde xorde o fungo da explosión atómica, coa conca dos ollos que lle dan un ton trágico.

Típico representante do humor canario, Paco Martínez, segundo as súas propias palabras, buscaba ao facer as súas caricaturas, *"a varillaxe espiritual do individuo"*, o seu eu profundo.

As súas caricaturas marcaron un camiño diferente, pois cunha mirada dislocadora e orixinal, creou un universo propio, onde se plasma toda unha simboloxía que se adiantou á súa época. Hoxe o seu nome está escrito con letras de ouro na historia da caricatura mundial.



Albert Einstein



Sophia Loren




Liza Minelli



Pío Baroja

TEMPO DE MUDANZA
renovamos **g**oberno... renovamos **o**posición...



X.F. Couñago



Xosé Manuel



crestar



francisco_puñal



balcón-armario



o_que_espera,_desespera



seguridade



escultura_humana



www.apeneira.com





o rescate dos bancos (segundo Tomy)



raúl_de_la_nuez



— darwin cumple 200 anos (visto por José_Sarmento) —



Pintas & Carapinha

2009 © José Sarmento

Darwin fez 200 anos...
... é por isso que tem aquela barba
tão grande!!!!...



josé_sarmento